

REAL ACADEMIA GALEGA

EU TAMÉN NAVEGAR

DISCURSO LIDO
O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2001,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

XOHANA TORRES

E RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO




A CORUÑA

2001

8C F-4635







REAL ACADEMIA GALEGA

EU TAMÉN NAVEGAR
EU TAMÉN NAVEGAR

DISCURSO LIDO
O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2001,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLA ILLUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

XOHANA TORRES

E RESPONSA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
SALVADOR GARCÍA-BODANO



Imprenta Galega, V.G. 982-2001

I.S.B.N. 84-7397-28-1

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2001
Protección Editorial Galicia, S.A.

Procedente: Obvatorio Galicia, S.L. (Pérgamo Editorial de Galicia) S.D. (Provincia) - MOS

A CORUÑA

2001

BU TAMÉN NAVEGAR

I.S.B.N.: 84-87987-28-1

Depósito Legal: VG-982-2001

© REAL ACADEMIA GALEGA, 2001

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) - MOS

REAL ACADEMIA GALEGA



DISCURSO

DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

XOHANA TORRES

EU TAMÉN NAVEGAR

DISCURSO LIDO
O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2001,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

XOHANA TORRES

E RESPOTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO



A CORUÑA

2001

R. 21375

926

REAL ACADEMIA GALlega



BU TAMÉN NAVEGAR

DISCURSO LIDO
O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2001,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLA ILLUSTRÍSIMA SEÑORA DONA

XOHANA TORRES

E RESPONDA DO EXCERENTÍSIMO SEÑOR DON

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO



ISBN 978-84-9611-111-1

Deposito legal: 905/01

EDITA: REAL ACADEMIA GALlega
PUBLICA: Editorial Gallega, S. A.

Impresión: Círculo de Gallegos, S. L., Folgueras, 52 (1º planta) - 41013

A CORUÑA

2001

Señoras e señores Académicos

DISCURSO

Sexant e miñas DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA XOHANA TORRES pola rosa acollida nesta casa á que me acollí. Considerome moi honrada por tal distinción e, quizais, non se pode apreciar ben a miña gratitude. A Academia é o maxisterio da costinidade; todos aqueles que nos precederon fixeron o camiño antes ca nós e, sen dúbida, con moitas máis dificultades.

Síntome en aquí como os fillos, poetas guélicos tan tocados da gracia das palabras, que necesitaban anos de rigoroso exercicio ata alcanzar un destacado asento ao lado do rei. É que hai paixóns que duran toda a vida.

Debo de engadir que tamén neste acto están implicadas numerosas escritoras que hai tempo irromperon con forza na nosa literatura. As mulleres sostemos a metade do ceo. Estaremos, pois, a agardalas.

Veño ocupar a cadeira dun gran poeta do século XX, Aquilino Iglesias Alvares. E non sen emoción: no derradeiro ano do bacharelato, eu recibíra como premio na Festa do Libro Címaros verdes. Aquilino tivo en min unha boa lectora.

Toda a súa poesía está marcada polas paisaxes da infancia: a bisbarra da fin da Terra Chá, o val de Mondoñedo, Aballa, Servane, brétemas e montañas de Meira, onde se inicia o Miño, a neve dos cumios, a sberiedade dun pax centon. E esa luz matizada das carballeiras que tan ben canta e adensa. Son as rimas que máis nos comoven, visíves dun horizonte humanizado, independente e vivo. Tamén fai notable presenza o sentimento da soitude envolto nun manto relaximo que nunca o abandona. Emocións e imaxes de fondo, unidas á xente e á lingua labrega que o poeta dignifica.

En Mondoñedo comeza a carreira eclesiástica, que non acabará. Tamén en Mondoñedo, fora do ambiente do Seminario, trabala amizade con Cunqueiro e Fernández del Riego, animadores da súa vocación literaria. E, sobre todo, destaca a súa fondo relación con Noriega Varela, tan próximo na Graña de Vilafrate. Mondoñedo é un forte sexto para as xentes que alí viviron.

THE
MUSEUM OF
COMPARATIVE ZOOLOGY
AND ANATOMY
OF THE
MUSEUM OF
HISTORY OF NATURE
OF THE
MUSEUM OF
COMPARATIVE ZOOLOGY
AND ANATOMY
OF THE
MUSEUM OF
HISTORY OF NATURE

Señoras e señores Académicos:

Sexan as miñas primeiras palabras de agradecemento pola vosa acollida nesta casa á que me achego co maior respecto. Considérome moi honrada por tal distinción e, quizais, non acerte hoxe a expresar ben a miña gratitude. A Academia é o maxisterio da continuidade; todos aqueles que nos precederon fixeron o camiño antes ca nós e, sen dúbida, con moitas máis dificultades.

Síntome eu aquí como os files, poetas gaélicos tan tocados da gracia das palabras, que necesitaban anos de rigoroso exercicio ata alcanzar un destacado asento ao lado do rei. É que hai paixóns que duran toda a vida.

Debo de engadir que tamén neste acto están implicadas numerosas escritoras que hai tempo irromperon con forza na nosa literatura. As mulleres sostemos a metade do ceo. Estaremos, pois, a agardalas.

Veño ocupar a cadeira dun gran poeta do século XX, Aquilino Iglesia Alvariño. E non sen emoción: no derradeiro ano do bacharelato, eu recibira como premio na Festa do Libro *Cómaros verdes*. Aquilino tivo en min unha boa lectora.

Toda a súa poesía está marcada polas paisaxes da infancia: a bisbarra da fin da Terra Chá, o val de Mondoñedo, Abadín, Seivane, brétemas e montañas de Meira, onde se inicia o Miño, a neve dos cumios, a sobriedade dun pan centeo. E esa luz matizada das carballeiras que tan ben canta e admira. Son as rimas que máis nos conmoven, visións dun horizonte humanizado, independente e vivo. Tamén fai notable presenza o sentimento da soidade envolto nun manto relixioso que nunca o abandona. Emocións e imaxes de fondo, unidas ás xentes e á lingua labrega que o poeta dignifica.

En Mondoñedo comeza a carreira eclesiástica, que non acabará. Tamén en Mondoñedo, fóra do ambiente do Seminario, traba amizade con Cunqueiro e Fernández del Riego, animadores da súa vocación literaria. E, sobre todo, destaca a súa fonda relación con Noriega Varela, tan próximo na Graña de Vila-rente. Mondoñedo é un forte nexo para as xentes que alí viviron.

O labor literario irá marcado pola disciplina da escola eclesiástica; como ben di, a súa formación procede do Seminario e da severa doutrina clásica como fonda ximnasia do espírito. O poeta vai recoller en Virxilio os matices dun mundo de labregos e pastores. A súa estreita relación coa cultura clásica madurará en rimas dunha perfección asombrosa.

E das montañas ao mar. Días felices en Pontevedra e Vilagarcía, fascinado polas fogueiras do sol e os delicados relevos da ría de Arousa:

*Vilagarcía, leda de navíos,
Dorme na miña i-alma sono leve.
A i-auga é donda e fina como a seda.
A mar é terciopelo e flor de vento.*

.....

*Nunha gamela nova, toda verde,
co teu nome tan guapo no costado
¡ondas camariñas da miña vida!*

Case toda a súa obra está atravesada pola soidade, recollida dos eidos de Teixeira de Pascoaes, Camoens, Antero de Quental; literatura portuguesa ao seu alcance na biblioteca de Noriega. Velái o desacougo, o cravo no peito, as expresións doloridas que exaltan os poemas. E sempre o herdo campesiño de xestas e paxariños nun achegamento á terra natal.

Escribe *Señardá* moi novo. Sonetos de alento pesimista, mentres o poeta avanza polos escuros camiños da vida. As almas doentes móvense entre suaves recendos de rosas e laranxeiras.

Corazón ao vento artéllase nos espazos da noite. Fóra xa da influencia do Seminario, semella que os pensamentos chaman á porta da esperanza, tal vez ecos das novas lecturas.

Cómaros verdes é un libro de rumbos distintos, a voz faise máis persoal, exhibense verdadeiras estampas xeórxicas e maniféstase nel a inclinación diante das teimas de sempre, a terra nativa e a inevitable soidade.

De día a día, como nun diario, móvese no fluxo e refluxo da obsesión polo paso do tempo, fálanos do desamparo do home, do sentimento da perda dos días que non volven.

Lanza de soledá está chea de páxinas ás voltas coa realidade do ser e o filosofar sobre a caída final.

Con *Nenias* inaugura en Vigo a colección Salnés. Rende nesta obra homenaxe aos poetas da súa devoción.

Iglesia Alvariño encaixa, por educación e cultura, na estética da literatura de posguerra, enlazada á da República, xeracións ambas aproximadas ao herdo inesgotable da poesía medieval, coa presenza de obras de gran perfección na forma e, sobre todo, en Aquilino, os seus mandamentos encérranse en dous, un permanente diálogo coa natureza viva e uns campos de creación anegados polo caudaloso río da soidade.

Tampouco quero esquecer os seus excelentes ensaios e as traducións de textos clásicos.

Esta exposición vai ser un simple repaso á memoria. Nomes, lecturas e territorios que afloran a tempo lento como primeiras pedras da catedral da infancia. A cativa garda no espello as rúas do barrio de Canido, o Muíño do Vento, o sol na galería. Sinais e mudanzas dun universo marítimo de enlazadas oreas.

O río Xubia conduce as augas polas Somozas, lava a serpentina de Moeche e San Sadurniño, para rematar nunha ría, a máis pequena das Mariñas, coa seducción da elipse, a perfecta síntese.

Aínda persisten os ciclos da xebra e do iodo e un sol cenital de soportais dá nos ollos cando ela os cruza.

*Se ti viras o que eu vin
o outro día na Malata,
unha espiga de maízo
a piñas cunha pataca.*

*O san Antón da Cabana
ten unha pipa no monte,
as mulleres beben viño
e os homes auga da fonte.*

Queda a proposta de moitas máis estrofas da cultura oral. As cancións infantís, como os soños, resisten ben o paso do tempo.

A cidade, de historia moi antiga, é amiga dos instrumentos de corda e conserva unha sabedoría musical de coros. Non hai festa familiar que non acabe co vaivén dun concerto de habaneras.

Da biografía íntima rescata unha postal de Italia da carpeta onde todos escondemos os primeiros versos; á vista estaba: Ferrol era mellor que Nápoles e sen o perigo do Vesubio. Amadísimos espazos nunca ditos.

Entre os anos transcorridos desde a rúa Alonso López ata o recinto militar, ábreanse fermosas prazas circulares para xogos, e o rexistro dun reino de

amoras polas silveiras de Caranza. Nesta raia de maxia instala as súas curiosas averiguacións sobre o nome da vila, aquel estraño san Ferreol, ignorado ata polas pías catequistas do Perpetuo Socorro: non figuraba ao pé das follas do calendario, ninguén lle recoñecera un milagre en dez leguas á redonda. Moito máis suxestiva sería a presenza dun farol de penedo a escintilar nas ribeiras húmidas para aviso de mareantes.

Atrapamos da memoria colectiva a frase lapidaria do conde de Chatham, William Pitt: "Se noso fose o porto de Ferrol, tería uns fortes muros de prata". Pitt e as ilusións perdidas. Nos mellores tempos, as fortificacións ferrolás estaban dotadas con máis de cen canóns.

Desde a xanela do Arsenal observábase un mar abreviado. Co xantar cotián estaba a oferta dos movementos das nubes, partes meteorolóxicos de Bares e Ventoso, a manobra dos remolcadores, o dique, a correntada... Pasei a miña infancia cunha buguina na orella á escoita do rumor da auga, e esa aliteración, como un texto obrigatorio, era un anuncio de afiliación mariñeira.

Hoxe, xa de volta das grandes mareas, declaramos que a vida non é sempre unha travesía ben informada, hai moitas maneiras de ver os mapas, pero ben ve o que mira dúas veces a mesma paisaxe. Cómpre pensar que non existen máis obxectos transcendentales que aqueles prestados pola memoria, sempre e cando sexamos capaces de apresalos de novo co rumor reflexivo e confuso do que se quedou atrás. Admitir que é na infancia onde se preparan todas as viaxes, tamén as do medo, coa súa carga de descubrimentos, calquera que esta sexa. Non somos máis que o que recordamos, ese ceo protector que de maneira alterna nos cobre ou se desvela e que se nega a desaparecer.

Conta Castelao a historia dun navegante con moita experiencia que, canso xa, arriba coa nave a un lugar fermosísimo e abraia. Se cadra, o Paraíso —pensa—, a felicidade que sempre busquei. E con esa ilusión non repara en que diante del está o seu país, tal é a néboa exótica que lle cobre os ollos. No entramado da imaxinación hai sempre unha longa aventura que nos devolve á terra de orixe. Recoñecela é simplemente superar a proba.

Necesitamos, pois, a emoción dos encontros, un lixeiro olor a herba, unha palabra e, de repente, todo está de novo á nosa disposición, móvense as figuras, harmonízanse. Un simple nome, un atributo, pode alcanzar para nós o valor dun deus. Isto é o que tamén indaga a poesía. Verdadeiro exercicio exploratorio, os versos, como actos decididos. Navegar é ter sempre un porto secreto, o noso número máxico, unha longa historia de amor.

Tamén os poetas vimos preparados para rastrexar os fondos, aí onde a luz non chega, esa viaxe que algunha vez queremos emprender ás escondidas e a soas. Todo o demais semellan obras de misericordia.

Ao calor das aulas ensinaba o profesor Carballo Calero o asunto do abstracto dos oestrímnios como o noso fondo étnico, digno de terse en conta. E, sobre el, os celtas invasores, xentes da emigración e factor importante da cultura dos castros.

De lectura, a *Ora marítima* de Rufo Festo Avieno, procónsul en África e coñecedor das costas da península na descrición do occidente de Europa:

Aquí hai un pobo de gran valor, notable intelixencia e eficaz habilidade, adicándose con afán ao comercio.

Ningunha barca fende o extenso e perturbado mar ou o abismo do océano, cheo de monstros, pois non constrúen barcos con madeira de pino, nin tampouco con abeto, segundo é costume de curvar as barcas, senón que, cousa admirable, aparelan sempre as naves con peles cosidas, neste coiro percorren habitualmente o vasto mar.

Ao interese xeneralizado polos costumes celtas seguiu un proceso de admiración persoal que suscitaba moitas preguntas: sen compás, sen mapas, subían ata as illas en poucos días, pola corrente do Golfo, o Corricán, enorme fita prateada e líquida. Nesas incursións atlánticas, a marabilla das marabillas, tiña a infancia os seus primeiros mitos, a primeira cortiza cultural.

Aproveitaba datos, sempre favorables, das xentes enigmáticas creadoras da cultura dos menhires e da estela bifronte de Sarria, onde se colocaran dentro dunha barca, en amable compañía, un arroaz, un ave, un peixe. Aqueles atrevidos iniciaban as batallas co escándalo das trompetas curvas e o detalle do espasmo perverso, dotando ao campo de loita dun verdadeiro efecto teatral. Era como unha arrouxada que espantaba o inimigo. Tamén facían antas para enterrar os mortos.

Pese a tan numerosos encantos —a lección continúa—, co celtismo establécense perspectivas problemáticas, hai certos abusos, pero tamén estaba claro que os historiadores ingleses, tan rigorosos, tomaran sempre moi en serio esas expedicións da prehistoria. Non se pode ver Irlanda desde A Coruña, mais nese concepto erróneo da distancia expresaría-se o desexo do pobo do arco ártabro que estaba a erguer un faro na punta Herminia.

A tales alturas, para unha lectora precoz e sen parada, semellante épica ofrecía ao maxín infinitas posibilidades. Estaba segura de que, entre os guerreiros da espada de ferro e aqueles tipos de ollos claros da familia por parte de nai, tivera lugar un gozoso encontro, despois de ter atravesado pontes e mares.

A literatura gaélica era un mundo profano onde as devocións non apuntaban ao ceo, senón que a natureza e o mar eran as palabras sagradas. Alí

non había nada alleo, aquela poesía forte e antiga sinalaba un país fóra do tempo; o Tain, os fillos de Mil, unha epopea sempre dominada polas figuras de valerosas mulleres, Maeve, Deirdree, como en ningunha outra literatura, se exceptuamos a grega. Tamén estaban as semellanzas, as almas adoptaban formas animais e os paxaros de Rhiannon, como en Armenteira, emboban os guerreiros coas súas garuladas. E sempre a sinfonía do océano:

*A ónde iremos, dixo Eber Donn.
Por encima das nove ondas
a poñer os pés no paraíso,
contestou Aimergin.*

Calquera de nós pode atopar no pasado a fantasía necesaria para alzar a barreira do tempo e crear actores, cómplices das nosas iniciativas. Soben ao escenario da invención e así se escribe un primeiro acto ideolóxico. Estamos a falar do amor polos libros, liña de profecía onde estaba escrito o porvir como nos pousos de café da cunca; pero a navegación verídica era outra:

Enfiamos o estreito pola boca da ría de Ferrol, entre os castelos de San Felipe e A Palma, as ruínas do de San Martiño, o forte do Segaña, cun posto de vixía.

Bordéase o Pieiro e toda a dourada gracia do areal de Doniños, as baterías de cabo Prior, Santa Comba, con escala na praia de Covas, e bañarnos hemos nas ondas.

Polos idus de xuño, nunca antes, pasamos os rochedos e lamazais da Frouxeira e as longas dunas, sorteamos a enseada de Cedeira, nunha costa que se anima polo ritmo das mareas. Avistamos punta Candieira, tan traidora e motivo da nosa precaución. Alí danse cita as rompentes. Na carta mariña, escala Mercator, elevacións e sondaxes puntéanse con intensidade, tanta é a trampa de cons que oculta a xerfa.

Nese campo da mirada, entre a punta do Cadro e a do Limo, cos tres Aguillóns e a caída da serra Capelada, a morrer no Ortegal, técese un escuro tapiz, a zona tenebrosa. Esta intensa beleza aterroriza.

*O cabo Ortegal, con doce restingas
e, unha delas, Cabalo Xoán.*

A punta do Limo semella o Cabo do Mundo. As rochas, negros esmaltes raiados a esmeril, sempre brillan entre esgazos de néboa. Os accidentes do

litoral móvense, en escorzo, ondulacións dunha desvirtuada imaxe entre os xogos do aire. Aquí se palpa o medo e o misterio. Nós quedamos á marxe. Non perdamos a lección, aquí non somos nada senón o temor que nos embarga.

Neste rostro xeográfico de granito, os cantís sobrepasan os seiscentos metros, os máis altos da Europa meridional. Frecuentemente ríos pantasma, produto das chuvias torrenciais, precipítanse ao mar en fervenzas. Semella esta estrutura mudas cariátides, anuncio de traxedias. Con ventos de rápido sopro é difícil remontar unha corrente desfavorable. Nesta soidade, entre o Cabo e os Aguillóns, algúns anos antes de que eu nacese, tres traíñeiras foran absorbidas, chuchadas no movemento enganoso dunha grande onda. O mediodía era claro e os mariñeiros, confiados. Sempre se narra o episodio, sobre todo cando asomaban os temporais de inverno. Cavilaba eu no remuíño feito polo desconcerto dunha balea extraviada, tan só cun áxil movemento de cola.

Este é o Atlántico e as temidas rexións da brétema que unha nena contempla sempre atónita. No entreacto estaba o Santo Andrés de Lonxe a xogar aos dados. Mundos de imprecisión, lugares de inútil rescate. Pois adiante.

*Que nestas ansias de pasar o mar,
me mareo,
me anulo,
me cego.*

Nunha natureza hostil de costa brava que sofre un gran retroceso pola erosión, as ladeiras desfanse, rodan os croios polas ramplas ata as augas. Dentro da enseada de Cortes, velaí Teixido e Teixidelo. Unha vez máis seguimos sendo nós as que escollemos o lugar para os nosos propósitos. *Teixido ou a dura viaxe de iniciación* podería ser o título da obra. Alí só chega a barca capaz de gañar a orela.

Santo Andrés de Teixido era a montaña cósmica, o centro de dominio sobre os mares do medo, a navegación como primeiros pasos para entender o mundo. Un xa chegamos ao punto certo, ónfalos, todo o universo infantil das polifonías.

Santo Andrés de Lonxe, a roda, vello invento, arredor da que xiran a vida e a morte. Tamén por terra eran vieiros de difícil acceso, o tabú da cova, o lugar do sagrado. Non convén faltar ao credo das tradicións hídricas, sucédense aquí os arquetipos: recolleremos do chan a herba armeria, evitaremos a serpe que mora baixo a laxe, botaremos migallas de pan á

auga, *panem in fonte mittere*, que prohibe o Dumienese, beberemos no rebordo da pedra, pois beber onde outros beberon franquea a porta de todos os secretos. Nun ceo, preferible sen lúa, faremos o amor e contaremos infinidad de estrelas. Tamén Cunqueiro avisa o director celeste, o estreleiro, para que lle procure a amante da longa noite. Nesta cita co culto da fertilidade, a vida debe de reproducirse nos mesmos recantos a onde acoden os mortos, co símbolo rexenerador da semente caída na terra.

Aquí as almas transmigran, atravesan secretos pasadizos de Hades, danse á metamorfose, nun traspaso ao mundo reptante das animalias. Santo Andrés de Lonxe non é ermida de alegrías nin de incensos balsámicos. Non hai fondas nin pousadas. Cúmprese coa promesa e vaise. En cada cruce pode ter lugar un desgraciado encontro. As almas do exilio oen, pero nunca ven. Necesitan un guía con farol. Levábano así os vellos peregrinos.

As nenas, como as tribos primitivas, manexan os símbolos con facilidade, tentan inocentemente os mitos que alguén creou moitos anos antes para axudalas.

*A herba de namorar,
a herba namoradeira,
non a busques, queridiño,
lévoa na faltriqueira.*

*San Andrés de Teixido,
ollos azules,
non me tires dos zocos,
non me rabuñes.*

Hoxe os rostros dos deuses cambian, adoptan formas distintas, escurecen diante das novas realidades sociais. Arestora, os accesos a Teixido son ben doados. Xa non existen as caldupeiras de Narón que preparaban o caldo para poder aturar as encostas. Nas seduccions colectivas de hoxe, idade de ouro das técnicas audiovisuais, son outros os símbolos que entran con forza polos ollos. Mais segue sendo de precepto contemplar en Ortegá un ocaso, Tabor, alquimia da luz operadora da nosa cultura. No promontorio móstranse, como en ningún outro sitio, fronte as columnas dos tres Aguillóns, incomparables incendios da dinámica solar. Somos un país vespéral, marcado polos divinos raios do oeste, de incesante esplendor.

Teixido ten aínda a complicidade dun mundo que oculta secretas consignas na natureza do sol que morre. É que moitos dos nosos desafíos xurdiron

fronte a este mar sen illas nin refuxio; a nosa ollada dirixiuse aquí a averiguar as claves da distancia oceánica, se cadra veríamos aparecer unha barca coa imaxe dun santo que sempre chega polo mar. "Cando levanto a man, móvese Sirius", dicía, pasmado, Laplace.

Dispostas estabamos para recibir revelacións asombrosas.

Volvo a Teixido para recordar o romance de dona Xelda, pola subida de Chímparra e os amilladoiros. Compro sempre os indescifrables fetiches dos sanandreses, apóiome, confiada, no alto ramo do teixo.

As boas lecturas regresan sempre.

Como canon, a *Odisea* abarca un amplo territorio, aberto a toda a literatura de Occidente. Aí conflúen civilizacións e culturas nesa enorme expresión poética. Ocorre así, unhas poucas ideas fundamentais que van e veñen alimentan as lendas de todos os pobos.

Ler de novo a *Odisea* supón a oferta dunha ilusionada volta á adolescencia, etapa afastada no tempo, pero moi próxima ás preferencias persoais. Coa imaxinación aínda se pode ir e retornar dunha viaxe e acollernos de novo ao refuxio das illas. Na grandiosa epopea de Gilgamesh, escrita en táboas de arxila, moito antes de que Wooley descubriera Ur, un poeta lanzábase ao mar á procura da inmortalidade. Xa que os mitos non teñen fronteiras, Penélope, Ulises, Ítaca proxectan hoxe unha alongada sombra na nosa escrita. Os novos e os vellos horizontes líricos encárganse de demostralo. Os personaxes de Homero serven de indicador case obrigatorio no texto aberto da creatividade. Verdadeiro préstamo literario, a poesía desprázase, enxendra outra poesía, pero aquí o dato preciso apóiase na navegación, o mar como espacio esencial e a volta cíclica ás patrias de orixe. Homero chama aos navegantes guías do home, seres levados polo destino a lugares adversos e insospeitados.

Coa lectura da *Odisea* descubríramos o que xa estaba dito, escóitase nela, infinidade de veces, a voz do poeta e moi pouco a voz do piloto. Exenta da beleza que lle presta ese rexistro, a *Odisea* non sería máis que unha curiosa expedición de cabotaxe, e Ulises unha figura de tebeo. ¿Que mariñeiro perdería vinte anos da súa vida desde Troia a Ítaca? Tocada pola máquina do prodixio, a xente entra, sae, sofre, acata os caprichos das divinidades, pero é a bandeira do exilio a que ondea no alto dos mastros, a poesía do desterro, tantos anos lonxe do reino.

Ulises, sempre envolto no romanticismo do heroe, preséntase como un ser doente, resignado a perder o tempo, iso si, con mulleres belidas de longas trenzas que, a pesar do agravio que lle impoñen coa prisión, o tratan a

corpo de rei. Derrama amargas lágrimas, qué de recordos do fogar, e así e todo, entre as discordias do seu maldito fado aproveita ben o tempo: ten dous fillos con Circe e un con Calipso.

Penélope e Ulises, poesías diverxentes. Xiramos as agullas do relox e velaí a paciente Penélope. Despois do xusto repertorio das explicacións, tan longa foi a ausencia, a muller abre a porta da mansión de altos teitos e respira, aliviada.

Desafía entón a lei da gravidade, días e días ao asento do tecido doméstico, e traza a súa ruta, esta vez polo Atlántico.

A santiaguesa Isabel Barreto, moitos séculos despois, dirixe unha afouta viaxe ata as illas Filipinas e recibe do rei o título de almiranta, a única que sabemos con semellante honor. Significa este desvío que as heroínas que navegan deben de estar marcadas pola ousadía. Ata hai pouco tempo, as andanzas de Odiseo non saían do Mediterráneo. Aínda así, Bérard gastou catro tomos coas argalladas de Ulises nese ámbito. Hoxe debúxanse modernos itinerarios polo océano. O barco negro, co céfiro sempre de popa, aínda sen inventar a vela latina, alcanza as Canarias, Portugal, Irlanda e Circe atemorízase cos géyseres de Islandia... É que non hai unha *Odisea*, hai moitas.

Non é pois unha disidencia de última hora a revitalización de Penélope, tan oculta en si mesma e aburrída polo paso do tempo. Só os traballos artesáns protexérona do tedio. Non perderá tensión argumental nin deberiamos asustarnos por enviar a Penélope a outras latitudes. Ben merece, á fin, ampliar as vistas. Queremos xogar cos mecanismos das transferencias, o fío conductor do nobelo debe de levala a un camiño de descubertas. Penélope interpreta de novo o seu futuro e, ¿por que non?, fai un alto no Cais de Sodr  antes de prepararse ao mundo dos puros e extremos *finisterres*, onde será recibida cos brazos abertos. É súa a decisión de abandonar a sombra dos cipreses sedentarios, conta cun barco para levar a cabo a abordaxe, conquistar outros momentos de felicidade e aprisionar nos peiraos outros cánticos de orela. Avista así un país de metáforas e proba o viño aromado de froitas, sazón de mar e callado no difícil mosaico dos socalcos, unha opción máis de acordo cos tempos que corren. Qué sería, senón, do sentido da vida se nos detivesemos. Os símbolos só se manteñen se evolucionan. Sen esquecer que as máis fermosas andanzas foron sempre irrealis. No seu tempo, a xente cría cegamente que Dante baixara aos infernos, tan ben escrito estaba aquilo. O noso país convertido en lugar de mito. Nerio, como Ítaca, derradeira etapa de salvación. Se cadra, aínda haberá alguén que proteste por tanta indisciplina.

*Declara o oráculo:
Que a banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.
Que ramos de loureiro erguen rapazas,
que cor malva se decide o acio.
Que acades destas patrias a vendima.
Que amaine o vento, beberás o viño.
Que sereas sen voz a vela embaten.
Que un sumario de xerfa polos cons.*

*Así falou Penélope:
Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto nobelo e tanta historia?*

Eu tamén navegar.

Este é o poder das palabras, estas son as chaves do encantamento que abren a poesía. Circulan polo sangue oliveiras ao sol, as inscricións dos namorados nas paredes dos faros, o nome das caracolas, bagos de mención en columnas corintias, a paganía dos ocasos, todo iso que alguén denominou coñecementos inútiles. E oxalá que nunca se acaben.

A volta de Penélope quedará, sen dúbida, para outra ocasión. Non sei se ela, como Ulises, regresará á casa no mellor da súa idade.

Os lagos, nunca claros, arrastran co seu poder sobrenatural cidades enteiras ao fondo: Valverde, Lucerna, Antioquía, Ys. Son paraxes case sempre enigmáticas e nelas faise trabaloso o movemento dos remos nas augas.

O lago de Doniños, illado do mar por unha barra fronteiriza, ocupa unha depresión que alcanza os once metros de profundidade, pero máis ben semella un enorme estanque, de auga doce, baixo a sombra dos piñeiros mansos. Nel péscanse, sen moita urxencia, troitas, anguías e algún ciprínido.

O lago de Valdoviño está encravado nun espacio de marismas, rico ecosistema de grande importancia biolóxica, que xuncos e nenúfares brancos engalanan. Garzas e parrulos mergullóns viven en paz e harmonía, e pola espuma enreda o mazarico.

Nos meses solares espállanse as areas como minúsculos poliedros e o potencial da luz estala en ascuas inconcibibles, filtracións de cores malvas, gacias, grises, que modifican as imaxes mariñas cun disparate de espellismos a arder nos ollos, poderosas brasas só para iniciadas. Sen lastre, cos brazos en

aspas, a cativa collía impulso coa brisa ascendente mentres pasaban as tardes rodeadas de vida e un miñado a esculcaba. Pero voar, qué difícil. Ás veces amasaba as dunas como serva da gleba. Sería aquel o espectáculo das augas primordiais coas becacinas a beber nas ondas como no vaso sacro.

Foinos moi fácil establecer o lazo emocional entre o lago da Frouxeira e a cantiga de Esquío.

Fernán de Esquío, nobre trobador de San Martiño de Xubia e Neda, emparentado coa casa de Traba, hóspede na corte de don Dinís, é recordado co sobrenome de Fernán do Lago. As lendas sinálanlo como home de vida disoluta, coa voz aceda polo relento nocturno. Un Afonso de Esquío participou na conquista de Alxeciras e foi o primeiro en romper as cadeas que gardaban o porto; figuran elas no escudo de Neda. Dos Esquío quédanos a evidencia do apelido nas lápidas. O noso poeta, afeccionado ás cantigas de escarnio, sátiras radicais contra abadesas e prioresas, ensina a súa fase luminosa nunha cantiga, a única laquista, que eu saiba, de gran naturalidade descritiva, sen aderezo ningún, coa precisión da música, nun memorial escrito en papel pautado. Sempre asociéi, Rosalía á parte, a miña entrada no mundo de lecturas serias coas cantigas medievais, Esquío o primeiro. Acudía á cita tutelar, que aínda se mantén, como visita pedánea a un poeta nacional: alá iamos, á procura do mosteiro, polas travesas rotas da ponte do tren, a asolagarnos logo no curso do río Xubia, de augas albicantes, boísimas para o lavado dos lenzos da fábrica. Dáballe así a benvida á poesía autónoma, coa mesma ledicia que recibiamos o bolo de pan de Neda para o almorzo. Foi o meu ingreso no eido trobadoresco cunha inmersión puramente ritual. E, na fronde, os chuchameles, e o contrapunto da danza entre o cazador e as aves:

*Vaiamos, irmana, vaiamos dormir
nas ribas do lago, ú eu andar vi
a las aves, meu amigo.*

*Vaiamos, irmana, vaiamos folgar
nas ribas do lago ú eu vi andar
a las aves, meu amigo.*

*En nas ribas do lago, ú eu andar vi
seu arco na mao, ás aves ferir,
a las aves, meu amigo.*

*En nas ribas do lago ú eu vi andar
seu arco na mao ás aves tirar,
a las aves, meu amigo.*

*Seu arco na mao, ás aves ferir,
e las que cantaban, léixalas guarir,
a las aves, meu amigo.*

*Seu arco na mao, ás aves tirar,
e las que cantaban non as quer matar,
a las aves, meu amigo.*

Nas cantigas quedaba escrito o pensamento das mulleres, a ausencia do namorado, os cervos e as fontes, anotación de baños en lugares secretos. Había tamén admirables xogos verbais que lles choscaban o ollo á poesía do futuro:

*Gran mal mi ven,
e non mi ven,
e verrá ben,
end' e por en,
mojr' eu.*

As barcarolas de Xohán Zorro, Martín Codax, o almirante Paio Gómez Chariño, "as flores do meu amigo, briosas van no navío". E de concertino, para interpretar un adagio moi triste, Mendiño, cunha cantiga de ría sobranceira: a namorada da illa, a laiarse do seu infortunio, pon de motivo un lamento fúnebre, desesperada ladafiña para resistir a dor, *ora pro nobis*, salvádeme, que morro:

*eu atendendo meu amigo,
eu atendendo meu amigo,
eu atendendo meu amigo.*

Nada sabemos da súa idade, acaso só unha meniña, enterrada logo nun cemiterio preto do mar. Para min, de todo corazón, era outra Annabel Lee, flor de desgracias na dramática queixa de Allan Poe.

Foran así lecturas de moita intensidade, ocultas con outras páxinas escritas, nunha maleta debaixo da cama, xunto cos abelorios dun colar roto.

Versos en pequenos recantos, lingua lustral a brillar nas paredes da alcoba. Igual que outras nenas aprendían a tocar a guitarra. Unha historia de primeiras experiencias, inocentes mensaxes escritas en botellas. E, con todo isto, concordantes, a maiola e a melancolía sen motivo aparente, síntomas dunha desarmada puberdade. É que nunca saían as contas: eran máis as preguntas que as respostas.

Da poesía trobadoresca, nosa cultura de séculos, pouco queda por dicir. Son sempre verbas que expresan a auténtica marca do artista, como os bos viños claros, sen dispersión, de padal lento e moi difíciles de superar. As rimas dos trobadores fixeron silenciosa a miña arpa no ángulo escuro, pois nunca ousei imitalas, tanta mestría descubrira nelas.

Mirade por onde, aínda hoxe, serodía, para unha rexeneración periódica, acudo ao lago e aparece, involuntariamente, o número máxico do dorsal da infancia, paisaxes específicas nestas praias, tan cambiadas, pois outros mundos están en marcha, outras meniñas, se cadra menos crédulas. Sentir aínda a necesidade de que as ondas da orela me fagan entrega dun pretérito, moi ben definido, que non perdeu a gracia orixinal: o sentido da difícil idade escrita nas estrías da area. Porque sempre houbo unha primeira vez que nos marcou cando tan só tiñamos uns poucos anos.

Nun tempo fun a dona da xerfa e das tormentas, dos rumbos e das illas. Naveguei polos nomes máis fermosos do mapa e dei en debuxar ronseis sobre as cartas, á procura de portos que xamais existiron. Nos libros descubrín valentes mariñeiros, capitáns co corazón aberto pola rosa dos ventos. Nos seus ollos levaban o sol de medianoite e o mediodía ecuatorial, e a embriaguez da brisa. Percorrín todos os mares nos andeis da biblioteca: un dedo sucio de tinta no planisferio, o mar enteiro o meu soño. E aprendín o curso das estrelas e a dicir adeus ás naves de paso.

Polo horizonte sempre cruzaba un barco e as fiestras enmarcaban xeometrías de guindastres, mastros, bandeiras. Na parede, o almanaque de taco de Miguel Maristany, Efectos Navais, da rúa San Francisco, coas lúas e as mareas e os ortos e os ocasos en puntual suceso. E o barómetro, que predicía as chuvias. Detrás dos muros brancos do Arsenal cabeceaban os paos do *Galatea* e chiaban as gaivotas.

O porto de Lorref son recordos da flota do bacallao, da fábrica de xeo e o carro —un vello e un cabalo canso— coa mercancía de reparto a gotear no asfalto. As rúas do porto, que escapaban á meticulosa orde no trazado urbano, eran aproveitadas para fregar a louza nos patios de veciños e poñer a roupa ao clareo. As peixeiras bebían caña cos homes á madrugada e en calquera momento saía música dos locais onde sempre é de noite. Casas con-

signatarias, escudos dos consulados, Dinamarca, Inglaterra, a memoria repite o cheiro a brea e picadura do estanco, estreitiño, pintado de gris, onde vendían tamén prensa e botóns de nácar. A mirada da nena presente xa o significado das ausencias, a certeza de que sempre haberá algo que non poderá ser, nunca, nin nese tempo en que todo é posible.

O mar é o absoluto. Só o pano que se despide marca a dirección da viaxe.

Manuel Antonio é, se cadra, a voz que non se escoita na *Odisea*. A súa profesión de mariño establece, en relación con outras voces poéticas, unha diferenza notable: fóra de calquera literatura, el é o que leva a crónica de a bordo e que consigna, con cadencia de marea, as vicisitudes das travesías. El é o protagonista de todas as metáforas. Nos seus versos vai o ritmo do que está afeito á exactitude, a medir o tempo e o espacio, trazando, de catro a catro, o mapa de coordenadas. Ninguén controla tanto a súa posición como un mariño; ninguén, tampouco, se atopa, como el, tan só.

Á noite, os barcos non navegan polo mar, senón polos vieiros do ceo. Coma nun espello de cabaret, pendurado no teito, o rumbo márcase por liñas invisibles que constrúen a orde do universo: azimut, derrota, declinación, deriva, o baile do compás, o asubío das drizas. De catro a catro, no octante do tempo, anota a repetición das cerimoniais diarias que determinan a estrutura do infinito. Cadeas de ouro acenden as horas. Lúa e sombra. Se cadra, o ceo está máis preto da nave que o cego abismo, a vertixe dos ollos afogados onde dorme a serpente mariña. Venus asoma; Casiopea pespunta con alfinetes o seu perfil, foxen as Pléiades. Detrás vén Orión, o cazador xigante; e no seu ombro brilla Ibn-al-Jauzá, Betelgeuse, Bellatrix a Guerreira, e Rigel, que astros son tantos como *voyeurs* namorados. A fin de contas, as constelacións, como os portos, nacen de cuantiosas historias que contan grandes viaxeiros.

De *catro a catro* debuxa pipas, siluetas de chaquetóns de mar, salitre, feltro húmido, círculos de licor nas mesas anavalladas. Unha historia de bar que se repite como as gardas, de catro a catro. No detallado arquivo do caderno de bitácora, a sobria letra do mariño expón os milagres: o mar é illa, o barco é horizonte, a inmensidade unha agobiante aberta. As horas poden chegar por popa, o almanaque mente e, na bruma do alcohol e fume, bailan os faros.

En viaxar e volver están gravados os destinos, coa coincidencia do vaso nunha taberna e os xuramentos en linguas alleas. E que non falten as tatuaxes nin as miradas que buscan. A adolescente inexperta non sabe qué facer, qué lugar ocupar nese retrato. ¿O cigarro nos beizos, as mans apertadas, o corazón en fuga, eu tamén navegar?

Pode ser que a noite prepare algún sofisma... Esas palabras, certas, inesquecibles, fermosamente absurdas, sempre en clave de Orión.

Os mastros dos últimos veleiros, goletas, pailebotes, queches, pataches, son nomes de pedras preciosas do tesouro escondido en todos os contos. Móvense na dársena de Lorref. Á bricbarca *Galatea* desarbórona no porto da Graña. Coido que o seu mascarón de proa, unha muller con aire severo e roupas ao vento, pintadas sempre de cores rechamantes, está agora en Glasgow, por iso de regresar ao punto de partida. Que xa non hai respecto nestes tempos que corren.

Como consideración final, todo canto aquí se leva dito non sería nada sen unha navegación polo Avia, curta travesía, pero non por iso menos intensa. Confeso que me sinto incapaz de prescindir destes entusiasmos. Lola, personaxe próxima coa que tantas veces me cruzo, aínda xoga comigo.

Dela aprendín que todas as cousas poden ser aviadas para axudarnos se temos interese en levalas a cabo. A que non se arrisca, nunca descubrirá o que sería capaz de facer. Unha muller pode converterse en balea polo simple feito de querer cambiar de forma. Lola tiña ese poder de convicción. Faciamos xuntas operacións secretas, pedidos ás estrelas errantes. A lúa manchada ou indecisa traería quebrantos, prexudicial a súa observación a través do cristal verde dunha botella. Coa advertencia, moi personalizada, de que as que gastan tanto tempo en devorar os libros, verbigracia, ti, Chuchiña, estaredes condenadas a padecer dos ollos. No seu manual de exorcismos, a tristeza é sempre sabido e comprobado que se cura se pasamos pola fronte da coitada unha pedra azul, tal vez o lapislázuli. Colocaba as herbas benéficas nunha arqueta, envoltas en papel de periódico, rentes da caixa do unguento de estoraque e a tintura de árnica. Ela mesma buxo ou hortensia, plantas que toleran as condicións máis adversas. Santificaba a ruda e graduaba moi ben o veneno do acónito como remedio para o reuma. Coidaba a floración e a madurez das guindas para facer un vermello licor, servido, en pequenas doses, co arroz con leite. Qué simples lle parecerían estas historias que a neta conta dela.

A fala, unha festa continua, aquela música encadeada á marcha do traballo, pois era muller de tratar de facer dúas cousas ao mesmo tempo. Dela aprendín palabras, para non divulgar, do barallete, detalladas análises da coloración dos viños, a gama cromática do arco iris, o xesto firme de facer a figa e un toque de talante libertario. Lola foi sempre un dos meus espazos ocupados, a resposta coa que axiña contaba. Di o refrán: do que se come, se cría. A vida, moitas veces, non é máis que recordar o que alguén nos ensinou por algures. Despois das migracións, todos retornaremos aos antigos sendeiros, igual que os elefantes.

Estas historias marcaron o corazón e os pasos.

Permitídemme, señoras e señores Académicos, que inscriba a Lola, por méritos propios, na estirpe de avoas primixenias, de austera e miúda arquitectura, gardianas dunha lingua secular, débeda que nunca pagaremos. Son as sibilas de Antoine de La Sale, relatoras de todas as voces do mundo.

Olo cara atrás e, no fondal da horta, conserva a súa figura intacta, as mans no alto, a facerme sinais cos sarmentos. E así vou recordala toda a vida, ata que peche o círculo:

*Protéxeme, crepúsculo,
lugar dos meus exvotos,
humilde acudo ao sol en rogativa.
Ás voltas coas andadas,
buscar na infancia
o tesouro do mapa oculto baixo as pedras.
En min sempre levita Lola ingrávida,
cun acompañamento sonoro de pardais,
seu perfil en realce pola extrema.
Sibila en Ribadavia, chambra moura,
Bendita sexa a que esmagaba os acios
para facer o viño como se fose a luz,
¡canto amor aínda move!
Nesta hora, amparada a poñente,
peregrino ata o mundo amatista das viñas:
é que nada se entenderá de todo
se antes non regreso ao punto de partida.
Non me permite a morte
alcanzar o recanto por onde Lola asoma
como un doce debuxo de Chagall.*

Señoras e señores Académicos

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Haí un poema que me dá unha referencia da súa viaxe por Galicia, pero non dá ningunha explicación da súa viaxe. Non dá ningunha explicación da súa viaxe, a recuperación das nosas vivencias existenciais, mesmo das máis distantes e arralgadas a tenes das fontes do noso ser consciente; alá no continxente naceron os nosos primeiros pensamentos e os nosos primeiros coñecementos.

Quáizos o universo sexa, en verdade, o tempo máis propicio para a reflexión e a conciencia. Per un Xohana, hoxe, naí día de entremedias do outono, cando xa a luz adormida nas vidrinas das lembranzas, vén e se achega aquí diante de nós todos a contamos aquelas iniciais e iniciáticas descubertas da súa oñez e da súa adolescencia, a descubrirmos as marcas secretas que se levantan no mar das súas ocultas. Como aquela viaxe ata arribar ao abraio xeolóxico dos altos cantís que se alzan das rompentes mariñas, alá por contra Santo Adrián de Lortse, cara aos escuros cumes vexetais e pedregais no estrondoso silencio da serra da Capelada. Que tal foi a súa primeira navegación.

Veñ amo anos claves da historia persoal e da súa personalidade literaria, e a cavilar cualia gran forza poética nos mundos máxicos da súa infancia. Veñ dicimos cousas íntimas e fermosas. E fixoo así porque, logo de termosnos entregado a súa obra, estas fermosas confidencias son, sen dúbida, aquilo máis seu, aquilo que máis quere, o mellor de si que nos podía ofrecer nun intre emocional e solemne, como é o acto do seu ingreso nesta egregia e venerable institución. Un acto no que se me fixo a honra feliz de recibila en nome da Real Academia Galega, a onde chega precedida pola importancia da súa obra escrita e pola súa dedicación no espallamento da nosa cultura ao longo dunha vida de amor e de traballo por Galicia: "Eu, tenente confesado con íntima certeza nalgunha ocasión, estou lembrada do meu país".

A sobranceira calidade, pois, da obra creadora de Xohana Torres convértona nunha recoñecida autora da contemporaneidade nos nosos Le-

RESPUESTA
DE EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Señoras e señores Académicos:

Hai un poema de Xohana Torres que nos fala de “A longa referencia da nosa viaxe propia”. Non habería moitas máis formas, ou quizais ningunha, de expresar cunha maior síntese lírica a memoria da experiencia vital, a recuperación das nosas vivencias existenciais, mesmo das máis distantes e arraigadas a rentes das fontes do noso ser consciente: alá no confín onde naceron os nosos primeiros asombros e os nosos primeiros coñecementos.

Quizais o outono sexa, en verdade, o tempo máis propicio para a reflexión e a confianza. Por iso Xohana, hoxe, nun día de entremedias do outono, cando xa a luz adurmiña nas vidreiras das lembranzas, vén e se achega aquí diante de nós todos a contarnos aquelas iniciais e iniciáticas descubertas da súa nenez e da súa adolescencia, a descubriros as marcas secretas que se levantan no mar das súas orixes, como aquela viaxe ata arribar ao abraio xeolóxico dos altos cantís que se alzan das rompentes mariñas, alá por contra Santo Andrés de Lonxe, cara aos escuros cumes vexetais e pedreiras no estrondoso silencio da serra da Capelada. Que tal foi a súa primeira navegación.

Veú amosarnos claves da historia persoal e da súa personalidade literaria, e a cavilar cunha gran forza poética nos mundos máxicos da súa infancia. Veú dicirnos cousas íntimas e fermosas. E fíxoo así porque, logo de térmonos entregado a súa obra, estas fermosas confidencias son, sen dúbida, aquilo máis seu, aquilo que máis quere, o mellor de si que nos podía ofrecer nun intre, emocional e solemne, como é o acto do seu ingreso nesta egrexia e venerable institución. Un acto no que se me fixo a honra feliz de recibila en nome da Real Academia Galega, a onde chega precedida pola importancia da súa obra escrita e pola súa dedicación no espallamento da nosa cultura ao longo dunha vida de amor e de traballo por Galicia: “Eu, tenme confesado con íntima certeza nalgunha ocasión, estou namorada do meu país”.

A sobranceira calidade, pois, da obra creadora de Xohana Torres convértena nunha recoñecida autora da contemporaneidade nas nosas Le-

tras, cos seus alicerces no fértil horizonte da reconstrucción literaria dos anos da posguerra. Dende esa perspectiva adóitase situala, respecto da súa obra lírica e segundo o criterio de distintos estudiosos, na Xeración dos anos 50, na Xeración das Festas Minervais ou, con maior concreción, nunha que cabería denominar Xeración do Abrente, moi próxima ao Grupo das Festas Minervais. Respecto da súa obra en prosa, danse fundadas opinións que a inscriben xa na Nova Narrativa. A súa produción literaria abrangue, ademais, os eidos da dramaturxia, do ensaio, e da literatura infantil.

Cómpre lembrar que Xohana Torres Fernández, de nome literario Xohana Torres, naceu en Santiago de Compostela e nela viñeron confluír sangues da fecunda terra, interior e fluvial, do Ribeiro do Avia e mais aquelas outras da aberta terra litoral, arousá e mariñeira, do Grove. Cadroulle así recibir a sabedoría das nosas tradicións e da nosa fala por liña materna da súa avoa, e pola parte do seu pai e dos avós ese toque universalista e cosmopolita tan acaído ás xentes do mar. Ben sabemos que se criou no Ferrol e que alí fixo os seus estudos. Por entón, ata ben andados os anos da xuventude, a súa existencia decorreu case sempre en recintos militares da Mariña de Guerra. Un ambiente este abondo distinto e distante do verdadeiro ser de Galicia, que ela iría descubrindo a través dunha serie de fundamentais revelacións.

Se da súa avoa materna —a quen lle acaba de render calorosa e lírica homenaxe— recolleu a fala galega máis íntima, os nomes das cousas, o vocabulario das viñas, os remedios das herbas, xunto a antigas historias sorprendentes, é dicir, se desa maneira tan entrañable deu en irse achegando á fala e á cultura popular desta terra, había ser tamén de rapaciña cando no Centro Xeral tivo a sorte de coñecer a Carballo Calero, xa dende o ingreso no bacharelato, e de contalo como profesor en primeiro e segundo curso nas materias de Historia e de Literatura. Sería, polo tanto, Carballo Calero, quen lle amosaría a imaxe culta de Galicia, o camiño alboral da nosa Historia, con maiúsculas, dende os pobos precélticos e a cultura celta, e da Literatura xerada nesta patria dende a sonora palabra dos cancioneros vencedora do tempo e do silencio. Dúas persoas cruciais, xa que logo, na súa formación e na súa vocación. Unha vocación literaria que comezaría a dar froito ben cedo, pois Xohana, nena tímida, introvertida e lectora moi precoz, publicaba xa os primeiros poemas aos once anos na revista *Proa* do instituto. Algún destes poemas escritos polos trece ou catorce anos, como no caso do titulado *Soidá*, andado o tempo formarían parte do seu primeiro poemario.

Carballo Calero animouna a enviar algunha colaboración poética á revista *Aturuxo*, que deste xeito inclúe no número 3 (1953) o poema "Nai",

máis tarde igualmente recollido no seu primeiro libro. Tamén aparece no número 2 (1962) de *Vieiros* o poema "A dura maxestade do silencio", e no número 1 (1963) de *Grial* o dedicado a Rosalía, lido nun recital celebrado no Salón Artesoado de Fonseca na conmemoración do primeiro Día das Letras Galegas, no que participaron tamén Arcadio López-Casanova, Carlos Casares e quen aquí lles fala... Nos seus tempos estudiantís tivo entusiastas experiencias en varias representacións teatrais no instituto, que se prolongarían despois no famoso grupo do Teatro Estudio, en Ferrol, de grande importancia na época e para o que facían decorados e escenografía tanto o escritor e pintor Tomás Barros Pardo como o pintor Segura Torrella. A relación de Xohana Torres con este grupo, tantas veces premiado, foi moi estreita. O grupo teatral foi esforzándose, progresivamente, por ofrecer un conxunto escolleito de obras da máis avanzada dramaturxia no mundo daquel tempo, con obras de Arthur Miller (*As bruxas de Salem*), de Edward Albee (*Historia do zoo*), de Ionesco, entre outros, e tamén de Valle, postas en escena por Alfredo Osset, que desempeñou o seu magnífico labor de dirección cun decidido ánimo innovador e modernizador fronte dos repertorios promovidos pola dictadura.

De cando moza, hai que sinalar así mesmo como determinante ideolóxica, no proceso da súa galeguización e da súa aproximación á literatura galega, a estreita relación cos Leyra Domínguez e coa familia dos Auz, xente galeguista e castigada coas que ela e os seus mantiñan unha grande intimidade. Don Xosé Leyra, avogado con acusados dotes pictóricos e literarios, tenlle emprestado numerosos libros de autores galegos e contado unha chea de cousas sobre Galicia. Con el foi visitar moitas veces no sanatorio ao debuxante Álvaro Cebreiro, o compañeiro de sinatura de Manuel Antonio no manifesto *¡Máis alá!*, e a quen Xohana dedicou o seu libro inicial. María Auz e Ánxel Leyra Faraldo eran do grupo de amigos da xuventude de Xohana Torres e compañeiros de excursións inesquecibles por terras de Narón e a Frouxeira. Sería, precisamente, Ánxel Leyra, estudante de Dereito en Compostela, e máis tarde licenciado, quen lle presentaría ao poeta Xosé Luís Franco Grande nunha viaxe que este fixo con aquel a Ferrol. Por aí comezou a relación de Xohana con novos escritores universitarios. Ela mesma chegou a facer dous cursos na Facultade de Filosofía e Letras compostelá.

O forte temperamento artístico xuvenil de Xohana Torres levouna a sentirse atraída, ademais, pola participación en diversos espacios radiofónicos emitidos por Radio Ferrol, coa lectura de textos galegos e de poemas de distintos autores, para o que sempre reuniu unhas aptitudes excelentes. A afección polo teatro, a súa vocación radiofónica e a súa temperá e rexa afirma-

ción nun moderno galeguismo nacionalista, de abertos fundamentos literarios universais, haberían configurar aspectos enriquecedores e relevantes da súa biografía cultural.

En 1955, recibe o primeiro Premio de Poesía da Asociación da Prensa de Vigo polo seu poema "A nosa primavera: toxos", premio que comparte con Celso Emilio Ferreiro. É daquela cando coñece tamén a Francisco Fernández Del Riego, que propoñería a edición do seu primeiro libro de poemas en Galaxia, para inaugurar a colección Illa Nova, creada, nun principio, para novos escritores e escritoras. Con ámbolos dous manterá longa amizade e ampla correspondencia. Publícase en 1957, cunha notable acollida, o libro que inicia a súa carreira literaria. Ten por título *Do sulco* e xa me teño referido a el como un poemario de difícil sinxeleza e complexa fraxilidade, que non se debe entender dende a súa heteroxeneidade, senón dende unha plural unidade, na que se abranguen estratos líricos de varios anos de ensaios estéticos na corrente da lírica existencial, en consonancia cos paradigmas xeracionais e métrica irregular en poemas formalmente abertos e ben construídos.

Na primavera dese mesmo ano clausurou en Compostela un comentado ciclo de "Homenaje a la poesía gallega", organizado por universitarios no Círculo Mercantil. Naquel ciclo de conferencias e recitais, que se sucederon ao longo de nove venres, participaron tamén Uxío Novoneyra sobre poesía medieval, Ernesto Alonso Rivero sobre Curros Enríquez, López Nogueira acerca de Rosalía de Castro, Méndez Ferrín falou de "Eduardo Pondal", Concheiro Caamaño de Ramón Cabanillas, Rubal Moas en torno a Noriega Varela, Franco Grande de Manuel Antonio, Beiras Torrado de Prieto Marcos, e Xohana Torres, que deu un recital de "Poesía nova" de xoves autores coetáneos, entre eles algúns dos alí participantes. O ciclo abrírase coa lectura dunhas fermosas cuartillas de Otero Pedrayo.

Eu coñecina nos anos seguintes. Era unha moza de agradable conversa, intelixente, culta, enormemente atractiva, moi observadora, desenvolta. A súa aparencia e a palidez do seu rostro, a súa maneira de vestir —abrigo ou gabardina e unha boina de estame, seica feita a man, de gancho— dábanlle un certo aire de parisina, entre intelectual existencialista e pertencente á resistencia dos *maquis*. Foron así as primeiras impresións. Sei que ela hoxe me desculpará esta venial tentación fáustica de intentar retornar á mocidade, mesmo por un intre tan fuxidío, dende a nosa plena madurez. Eran, seguramente, os tempos das súas ferventes lecturas dos versos de William B. Yeats, de cando era seguidora —como algúns de nós— do suxestivo proceso histórico de Irlanda, e de cando admiraba a Maud, á activista Maud Gonne,

que o convertera á causa da liberdade irlandesa. A entrega de Xohana Torres á reconstrucción cultural de Galicia, á defensa da súa lingua e á loita pola igualdade da condición humana, era, xa por entón, ben firme e decidida. Continuou coa súa colaboración en programas radiofónicos, con recitais en Ferrol e cos estudos e actividades teatrais. Fixo gravacións discográficas, de entre elas escolmas de Castelao e de Cunqueiro. E despois de casar, acompañando o seu home, mariño mercante, realizou numerosas viaxes marítimas por case todo o mundo.

En 1963, xa con residencia fixa en Vigo, decídese a poñer en marcha un programa ou revista literaria radiofónica en La Voz de Vigo, baixo a cabeceira de *Raíz e tempo*, que acadou unha notable audiencia durante anos, e que por fortuna non sufriu ningún revés represivo pese estar emitido integramente en lingua galega e falar de temas galegos. Nesa altura, establece boa amizade con distintas xentes da cultura e das artes radicadas na cidade.

Despois dun demorado lapso de tempo, a aquela valiosa colectánea de poemas que constituíron *Do sulco* habíalle seguir libros de lograda madurez poética, como *Estacións ao mar* (1980), Premio da Crítica española en 1981. A vibrante emoción pola terra, como patria e como natureza suxeitivizada (transmitida por medio dunha estrutura poética formalmente cuidada e harmónica, cunha intensidade lírica infrecuente), a busca de si mesma nos días irrecuperables da infancia, a soidade urbana, a observación e as reflexións da paisaxe marítima dende os espazos interiores, o pasado, o tempo coma un río que nos leva a existencia, as meditacións intimistas, a evocación e a referencia á avoa ausente na morte (dende o contrapunto do sentimento da vida como un tránsito ao que ela gusta, na súa escrita, de espir de acentos tráxicos), e o mar, sempre o mar... son rexistros temáticos xurdidos de fortes abalos vivenciais, de visións e fondas experiencias transformadas por unha persoal linguaxe poética. As composicións adoitan estruturarse dende o rigor e o ritmo impecable de seriacións hendecasilábicas ata o verso curto e o verso de gran traza, despregado en liberdade expresiva, sen condicionantes métricas tradicionais e ricaz en imaxes e símbolos.

O seu último libro de poemas, ata a data, é *Tempo de ría*, publicado en 1992, cun título xa altamente indicativo dese seu mundo poético no que o mar, presente doutra volta en diversas referencias e alusións metafóricas, segue a ser ese grande espazo do íntimo onde emerxen as remotas terras da nenez cos seus paraísos perdidos, os novos litorais e portos do presente a penas coñecidos, as illas das lembranzas e as figuracións, que nos moven a imaxinar íntimas cartas mariñas cos arquipélagos das ledas ilusións e os soños, os illotes das penas e da soidade, os atois das ausencias, mentres a

proa cabeceza sempre cara ese rumbo que ignoramos para onde nos leva. “Se alzamos as cortinas —escribe Xohana Torres— xurden illas,/ como un exacto ben, como unha patria”. Porque as illas e o mar marcan a xeografía intimista e simbólica da súa poesía. Unha poesía luminosa, fonda e precisa, aínda nos choques de expresións máis enfrontadas, nacida da contemplación e da reflexión, que se estende nunha marea creadora polo areal das páxinas.

Na produción escrita de Xohana Torres cómpre subliñar a súa achega ao teatro da posguerra con dúas obras, *A outra banda do Ibero* (1965) e mais *Un hotel de primeira sobre o río* (1968), consecuencia do seu intelixente coñecemento, por medio da lectura e da interpretación, da mellor dramaturxia da vangarda. Coa primeira destas pezas teatrais sería gañadora do Premio Castelao do Teatro Galego en 1964, certame que acadou gran prestixio naquela conflictiva época organizado pola emblemática Agrupación Cultural O Galo. No terreo da narrativa a nosa autora entregounos a novela *Adiós María* (1971), galardoada co Premio Galicia do Centro Galego de Bos Aires, e na que se volven percibir, dende distintos prismas, temas en parte tratados no seu teatro derivados do exilio, a emigración e o retorno, a metamorfose do hábitat vivencial tradicional, a industrialización, a readaptación urbana, os conflitos do cambio, etc. É autora, ademais, de textos de literatura infantil como *Polo mar van as sardiñas* (1968) e *Pericles e a balea* (1984); de traducións de obriñas xuvenís, e do ensaio *San Andrés de Lonxe, ritos e mitos*, galardoado co Premio Federico Maciñeira da Deputación Provincial da Coruña. En 1972, otorgóuselle o Premio Pedrón de Ouro pola relevancia da súa obra literaria e pola súa xenerosa entrega á difusión da nosa cultura.

Velaí, daquela, que xa na fin deste abreviado percorrido polos días e as palabras de Xohana Torres, volvemos atoparnos diante desa referencia mítica e ritual do Santo Andrés de Teixido, que tras da súa reconversión cristiá e popular, agacha unha enigmática substancia mítica de orixes e de contido que descoñece, mais de gran forza de atracción no transcurso dos séculos.

Na súa excelente e feliz exposición, a nova académica permitiunos ir enxergando intres distintos na formación da súa personalidade e na conformación do seu pensamento. Unha personalidade que vemos como xerada arredor das augas e tódolos seus poderes máxicos, das forzas oceánicas e das augas todas, doces e fluviais, salgadas e mariñas, onde aboian e pairan ou fondean as illas dos seus poemas como reductos de liberdade abertos á imaxinación, con ese mesmo marabilloso desatino co que se di que polos ceos navega a Illa de San Barandán. A enérxica beleza das augas conxurou nela esa forza feminina tan presente nas súas obras.

Acabamos de escoitar referencias fermosas ao seu pasado, narradas en fragmentos biográficos recuperados do pretérito na súa realidade obxectiva, ou ben simbolizados en líricas metáforas construídas sobre a verdade real, porque hai que saber que no interior arquitectural da súa prosa poética “todo o discurso —en expresión coloquial da autora— é unha verdade como unha casa”. Os períodos de fonda repercusión que nos foi sinalando no correr da súa vida, ou contextualizando máis a expresión, na singradura da súa vida, enfatizan esas navegacións primordiais na amañecida da existencia, eses recordos e esas graduais descubertas que nos abraian e transforman dende nenos. Neste caso, as rúas derredor da casa, a querencia da cidade deitada a carón do mar, o coñecemento da propia historia por mediación dun gran mestre, as primeiras lecturas, a iniciación á xeografía e á xeoloxía da nosa terra naquela primeira navegación, ou viaxe sobre das ondas e roncallos entre historias de naufraxios, cara á badía de Cortes, ao pé de Teixido. Polo mesmo mar que imaxinou aos nosos devanceiros “subir en cinco días ata as illas”, “sen mapas nin compás”, xentes que crían ollar as terras de Irlanda dende a torre de Hércules, cousa que aínda eu sentín dicir tamén de neno: aquel soño de Ith, fillo de Breogán, roto non só pola realidade senón aínda pola irónica racionalidade do mitólogo D’Arbois de Jubainville, que mantiña, por riba, a identificación de Brigantium con Braganza e, naturalmente, facía menos probable aquela inocente e ilusionada contemplación...

Fóronse sucedendo así fabulosos testemuños, a conciencia da historia, da xeografía, das crenzas populares, da reivindicación histórica da equiparación da muller e do home na sociedade, revelada dende unha interpretación odiseica comunal, na que Penélope, a través da palabra de Xohana Torres (“Eu tamén navegar”), logra liberarse á fin da lenda mítica que a condena á pasividade; porque só na liberdade e na independencia poden vivir plenamente os seres humanos e os pobos. Fascinante sería tamén a descuberta da literatura gaélica e aínda máis a da literatura medieval e dos trovadores das augas. Despois, a vangarda poética co Manuel Antonio de *De catro a catro*, cos versos creacionistas dun mar que se mestura en metáforas coa noite do firmamento e dos faros nun insólito diario de navegación. Ese seu mar preferentemente nocturno, como escribiu Carballo e ten subliñado Del Riego. Ese mar de Xohana Torres que se navega de noite polos vieiros do ceo.

E ao cabo, a arribada fluvial ao corazón mesmo da tradición cultural, das raizames antropolóxicas e lingüísticas, ao seo matricial da terra mesma que nos transmite a nosa esencialidade e a nosa maneira de ser e de estar no mundo, na evocación e a invocación da avoa con ese magnífico e entraña-


ble canto eléxico que deu remate aos seus recordos, ás navegacións persoais que nos acaba de entregar no caderno de bitácora da súa vida ata esta grata arribada entre nós. Máis nada, pois, que darlle as gracias de todo corazón por traernos esas confidencias, esas lembranzas tan queridas que son fundamento da súa biografía cultural. Agradecerllas por saber canto as ama e por saber que o amor polo mellor do noso pasado debe proxectarnos cara ao futuro. Estamos creando presente e construíndo para o mañá, mais, como naquel verso do Yeats da mocidade (“Man is in love and loves what vanished”), amamos aquilo que se nos vai.

Con gratitude, xa que logo, en nome dos membros da Real Academia Galega, doulle unha cordial benvida á académica que estamos a recibir nesta Casa Grande da nosa cultura, na que esperamos contar por moitos anos coa súa constante colaboración e coa regalía da súa palabra creadora.

ÍNDICE

DISCURSO DA ILUSTRÍSIMA SEÑORA DONA XOHANA TORRES	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON SALVADOR GARCÍA-BODAÑO.....	27

Este libro,
Eu tamén navegar,
rematouse de imprimir
o 23 de outubro de 2001





ISBN 84-87987-28-1



9 788487 987281

REAL ACADEMIA
GALEGA

F-4635